CA3.6 Utilizáronse de forma guiada e en contornas persoais e profesionais da propia especialidade próximas á súa experiencia, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións en lingua estranxeira
CA3.7 Mellorouse a capacidade de se comunicar en lingua estranxeira utilizando os coñecementos e as estratexias do repertorio lingüístico e cultural propio, con apoio doutras persoas participantes e de soportes analóxicos e dixitais
CA3.8 Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten o respecto, a sustentabilidade e a democracia

**4.8.e) Contidos**

Contidos
<p>0Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, malia as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</p> <p>Estratexias básicas para identificar, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc. ), a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</p> <p>Estratexias básicas para a planificación, a execución, o control e a reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</p> <p>Funcións comunicativas básicas dos ámbitos profesional e persoal adecuadas ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información; dar instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e expresar sucesos futuros; expresar a</p> <p>Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas básicas.</p> <p>Léxico, frases e expresións de uso común da familia profesional na que se insire o ciclo formativo e doutros ámbitos persoais do ámbito profesional.</p> <p>Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, a produción e a coprodución oral, escrita e multimodal, e plataformas virtuais de interacción e colaboración para a aprendizaxe e a comunicación, tanto no ámbito profesional de especialización como no persoal.</p>

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	O mundo no que vivimos e habitamos	25

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e a súa permanencia no tempo, así como as características do espazo xeográfico, os seus elementos e as súas interrelacións, recoñecendo o valor dos bens patrimoniais e culturais, o grao de sustentabilidade da contorna e a necesidade de protexelos e de conservalos	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizouse e interpretouse a contorna nos seus aspectos xerais e locais desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través de conceptos e procedementos xeográficos, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes, e valorando o grao de sustentabilidade e equilibrio dos espazos a partir de actitudes de defensa, protección, conservación e mellora da contorna (natural, rural e urbana)
CA1.2 Relacionáronse as culturas e as civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia desde a prehistoria á Idade Moderna nun contexto xeral e próximo, e reflexionouse sobre os múltiples significados que adoptan e as súas finalidades, explicando e valorando a realidade multicultural que se xerou ao longo do tempo, e analizando as situacións e os problemas do presente
CA1.3 Valorouse, protexeuse e conservouse o patrimonio artístico, histórico, natural e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos, apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural en Europa, España e Galicia como patrimonio común, e realizáronse propostas que contribúan á súa conservación e a un desenvolvemento ecosocial sustentable

Criterios de avaliación
CA1.7 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido e evitando os riscos de manipulación e desinformación
CA1.8 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas
CA1.9 Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais

#### 4.9.e) Contidos

Contidos
<p>0Diversidade social e multiculturalidade: integración e cohesión social.</p> <p>Compromiso e acción ante os obxectivos de desenvolvemento sustentable.</p> <p>A emerxencia climática e os problemas ecosociais. A conciencia ambiental. Compromiso e acción ante os obxectivos do desenvolvemento sustentable. Os efectos da globalización nas sociedades actuais.</p> <p>Discriminacións: causas e consecuencias. Respecto polas minorías étnicas.</p> <p>Contribución da muller á historia: da prehistoria á etapa moderna.</p> <p>Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes feitos históricos que se abordan no curso.</p> <p>As grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas prehistóricas e as primeiras persoas poboadoras na Península Ibérica e en Galicia.</p> <p>A pegada humana e a conservación, a protección e a defensa do patrimonio ambiental, histórico, artístico, cultural e natural. Legado cultural en España e en Galicia. A relación do ser humano e a natureza ao longo da historia.</p>

#### 4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Da prehistoria ao século XVIII	25

#### 4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e a súa permanencia no tempo, así como as características do espazo xeográfico, os seus elementos e as súas interrelacións, recoñecendo o valor dos bens patrimoniais e culturais, o grao de sustentabilidade da contorna e a necesidade de protexelos e de conservalos	NO

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Relacionáronse as culturas e as civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia desde a prehistoria á Idade Moderna nun contexto xeral e próximo, e reflexionouse sobre os múltiples significados que adoptan e as súas finalidades, explicando e valorando a realidade multicultural que se xerou ao longo do tempo, e analizando as situacións e os problemas do presente
CA1.3 Valorouse, protexeuse e conservouse o patrimonio artístico, histórico, natural e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos, apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural en Europa, España e Galicia como patrimonio común, e realizáronse propostas que contribúan á súa conservación e a un desenvolvemento ecosocial sustentable
CA1.4 Interpretouse a realidade europea, española e galega actual desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e a cidadanía global, recoñecendo a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalas desde a propia capacidade de acción, e valorando a contribución de programas e misións dirixidos polos estados, os organismos internacionais e as asociacións civís para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos
CA1.5 Recoñecéronse e explicáronse os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ata a Idade Moderna, sinalando os principais modelos de organización social e política que se foron xestando, e valorando a contribución da muller na historia
CA1.6 Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Obxectivos e estratexias das ciencias sociais: procedementos, termos e conceptos.
A emerxencia climática e os problemas ecosociais. A conciencia ambiental. Compromiso e acción ante os obxectivos do desenvolvemento sustentable. Os efectos da globalización nas sociedades actuais.
Discriminacións: causas e consecuencias. Respecto polas minorías étnicas.
Contribución da muller á historia: da prehistoria á etapa moderna.
Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes feitos históricos que se abordan no curso.
Fontes históricas e arqueolóxicas do coñecemento histórico como base para a construción deste (arquivos, bibliotecas, museos, etc. ). Riscos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Uso ético da información. O problema da desinformación.
As grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas prehistóricas e as primeiras persoas poboadoras na Península Ibérica e en Galicia.
As raíces clásicas de Grecia e Roma no mundo occidental: as institucións e a construción das identidades culturais e do eurocentrismo a través do pensamento e da arte.
Principais fitos da historia medieval e moderna mundial, europea, española e galega: causas e consecuencias sociais, políticas, económicas e culturais.
Organización social e política ao longo da historia: a transformación política do ser humano desde as civilizacións antigas ás monarquías da Idade Moderna.
A cidade e o mundo rural ao longo da historia: poles, urbes, cidades, vilas e aldeas. As súas características en España e en Galicia.
A pegada humana e a conservación, a protección e a defensa do patrimonio ambiental, histórico, artístico, cultural e natural. Legado cultural en España e en Galicia. A relación do ser humano e a natureza ao longo da historia.

## Contidos

Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións do período histórico que se aborda no curso, e exemplos puntuais dalgunha das obras ou dalgún dos movementos artísticos máis significativos.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permitan alcanzar os obxectivos do módulo en relación coa APRENDIZAXE DE LINGUAS están relacionadas con:

- \* Uso da lingua na interpretación e na elaboración de mensaxes sinxelas orais e escritas, mediante o seu uso en distintos tipos de situación comunicativas e textuais do contorno do alumnado.
- \* Uso dun vocabulario adecuado ás situacións do seu contorno, que orientará a concreción dos contidos, das actividades e dos exemplos utilizados no módulo.
- \* Selección e execución de estratexias didácticas que faciliten a autoaprendizaxe e que incorporen o uso da lingua en situacións de comunicación o máis reais posibles.
- \* Uso das técnicas de comunicación para potenciar o traballo en equipo que permita a integración do alumnado nas actividades educativas con garantía de éxito.
- \* Apreciación da variedade cultural e de costumes no contorno do alumnado, en relación coas necesidades derivadas do uso da lingua con distintos falantes.
- \* Desenvolvemento de hábitos de lectura que permitan a satisfacción coa produción literaria, mediante o uso de textos seleccionados acorde ás súas necesidades e características.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo en relación coas CIENCIAS SOCIAIS están relacionadas con:

- \* Integración motivadora de saberes que lle permitan ao alumnado analizar e valorar a diversidade das sociedades humanas.
- \* Utilización de recursos e fontes de información ao seu alcance para organizar a información que extraia, para favorecer a súa integración no traballo educativo.
- \* Recoñecemento da pegada do pasado na vida diaria mediante a apreciación da diversidade dos grupos humanos e os seus logros ao longo do tempo.
- \* Coñecemento da xeografía mundial e española.
- \* Valoración dos problemas do contorno do alumnado a partir da análise da información dispoñible e da formulación de explicacións xustificadas e a reflexión sobre a súa actuación ante estas, en situacións de aprendizaxe pautadas.
- \* Potenciación das capacidades de observación e criterios para a satisfacción coas expresións artísticas mediante a análise pautada de producións artísticas, apreciando os seus valores estéticos e temáticos.

Os criterios de avaliación fixados no decreto que establece o currículo deste ciclo para cada resultado de aprendizaxe citado anteriormente, establecen o nivel aceptable de consecución desa capacidade e, polo tanto, os resultados mínimos que deben ser acadados no proceso de ensino aprendizaxe, constituíndo o referente inmediato para o proceso de avaliación e posterior cualificación da mesma. A realización de todos os traballos e actividades propostos polo profesor en cada avaliación deberán ser presentados e/ou entregados na data acordada polo profesor non sendo avaliábeles aqueles que non cumpran o requisito anteriormente mencionado.

Criterios de avaliación específicos para o módulo

### 1. INSTRUMENTOS:

En cada avaliación se terán en conta dous aspectos: a proba ou probas de avaliación e o traballo achegado polo alumno durante a mesma.

As probas obxectivas, que poderán contar con partes escritas e orais, representarán un 60% da puntuación total. O 40% restante corresponde ao traballo achegado durante o período de avaliación.

#### 1.1 PROBAS OBXECTIVAS:

A proba contará con distintos apartados de peso variable na nota e abranguerán aspectos relativos aos bloques de contido comprendidos no currículo para as diferentes unidades formativas. Tal e como se apunta liñas arriba, o seu conxunto computará o 60% da nota da avaliación.

#### 1.2. TRABALLO DO/A ALUMNO/A:

Neste ámbito valoraranse as achegas na forma de traballo diario, proxectos, presentacións, probas ou tarefas colaborativas ou individuais que o alumno deba realizar dentro e fóra da aula e que requira o docente. Este apartado nutrirá o 40% restante da nota.

### 2. AVALIACIÓN CONTINUA E RECUPERACIÓN:

A nivel xeral, cada unidade formativa terá un peso específico na cualificación do módulo acorde coa súa carga horaria. A comunicación en linguas galega e castelá I suporá o 40% da cualificación do módulo; a comunicación en lingua inglesa I o 30% e, por último, Ciencias Sociais I o 30% restante.

A nota da avaliación final responderá á media aritmética entre as tres avaliacións do curso, rendendo conta así da constancia do alumnado durante o ano e a súa progresión.

A ponderación anterior producirá a cualificación final do módulo sobre 10. Se ben nas cualificacións das distintas probas se redondeará á centésima, o redondeo a enteiros de cara ás cualificacións finais só se efectuará a partir do 3. En particular, aplicarase o redondeo a partir de 0,70.

Así, por exemplo, se a nota trimestral é de 5,7 pasaría a redondearse a un 6. O mesmo sucede coa nota inferior a 5: un 4,80 redondearase a 5.

### 3. NORMAS

O alumnado só terá dereito á celebración das probas fóra da data estipulada presentando o xustificante da súa falta de asistencia. Nestes casos, a proba terá lugar no primeiro día da materia en que se reincorpore.

Así mesmo, non se adaptarán os tempos das probas por faltas de puntualidade e o alumnado deberá cingirse á duración que se indique.

Estará terminantemente prohibido o uso de móbiles ou calquera outro dispositivo con conexión durante as probas. O alumnado que sexa detectado copiando obterá automaticamente unha cualificación de cero puntos na totalidade da proba.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Por cada alumno que non superara algunha parte do módulo, programaranse as actividades de recuperación correspondentes tendo en conta que se decidirán de xeito individual co obxectivo de que se adquieran uns

mínimos esixíbeis.

O alumnado só terá que recuperar a parte ou partes do módulo suspensa/s sempre e cando a cualificación trimestral ou final sexa inferior a 5. Se a suma da cualificación de todas as partes do módulo é superior a 5, o alumno terá o módulo aprobado e non terá que recuperar as partes suspensas.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumno realizará as probas necesarias, tanto teóricas como prácticas, onde terá que demostrar a adquisición dos diferentes contidos incluídos na Programación do Módulo presentado a principio de curso. Constará dunha proba escrita e/ou oral sobre os contidos indicados na programación e impartidos o longo do curso.

As datas, hora, lugar de celebración da proba e información relativa aos traballos a entregar exporanse no taboleiro do Centro, a través da Aula Virtual ou por correo electrónico coa antelación necesaria.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A programación é un material vivo e adaptable ás necesidades educativas do alumnado, sempre que sexa preciso. A programación seguirase mensualmente e indicaranse as adaptacións necesarias de tempo ou contido.

#### **8. Medidas de atención á diversidade**

##### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Constará dunha proba-cuestionario individual coa finalidade de avaliar o nivel de coñecementos previos que ten cada alumno en relación co módulo.

##### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Os alumnos que necesiten reforzo terán material extra para que traballen na casa. Asemade, o material utilizado na aula responderá ós diferentes tipos de alumnado: visual, kinésico, auditivo, sensorial, procedimental, a curto prazo...

Por outra banda, en canto sexa necesario, faranse explicacións máis sinxelas a aquel alumnado que o precise e utilizarase unha linguaxe máis simple para explicar conceptos que poidan resultan confusos.

Tratarase sempre de motivar ó alumnado, tratando de explotar as súas capacidades e axudar naqueles aspectos que lles custen máis traballo. Cando se estea a realizar un proxecto de aula, descomporase a tarefa en etapas, definidas de forma clara e precisa, para que o alumnado vexa o obxectivo a cumprir máis próximo, ó realizar cada etapa separadamente e non ter que agardar ata o final da tarefa.



Grazas ao carácter formativo da avaliación continua, poderanse efectuar as adaptacións pertinentes durante o curso para maximizar os logros do alumnado. Neste sentido, deseñaranse actividades de reforzo e afianzamento dos contidos máis básicos para aqueles membros do estudiantado con dificultades. De detectarse necesidades máis específicas, procederase a realizar adecuacións adicionais consensuadas co equipo docente.

Os contidos da aula veránse reforzados na Aula Virtual de Moodle, co gallo de favorecer que o alumnado poida repasar contidos sempre que o desexe.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores impartirase de maneira transversal. Traballaremos diariamente con temas como: igualdade, non discriminación, violencia de xénero, etc, e realizaremos varias tarefas relacionadas con elas. Traballaremos o respecto entre os compañeiros e os membros da comunidade educativa diariamente. Por outra banda, fomentárase que os alumnos expresen as súas opinións e se sintan cómodos ao facelo. Nas unidades sobre lingua española e lingua galega promoverase a utilización de linguaxe inclusiva; en sociedade destacarase figuras históricas femininas que contribuíron a consecución de moitos dereitos, e en inglés, visionaranse curtametraxes a algunha longametraxe que teñan que ver con igualdade entre homes e mulleres, discriminación, etc.

A propia natureza do ciclo propicia unha serie de conexións con numerosos aspectos transversais que se fomentarán durante a duración de todo o módulo, a saber:

- Educación moral e cívica: presente en contidos actitudinais e na noción de respecto mutuo esencial no día a día das aulas e no ámbito laboral.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos: evítase a materialización de roles tradicionais home muller e estenderase a unha perspectiva integral de xénero no proceso de ensino aprendizaxe.
- Educación para á saúde: na práctica de comportamentos responsables nos ámbitos da saúde, hixiene e seguridade en numerosos procesos do ciclo.
- Educación ambiental: fundamental na transmisión de valores de sustentabilidade no contexto da crise ecolóxica actual.
- Educación do consumidor: inherente ás situacións de trato co cliente en todas as súas vertentes.
- Posta en valor do plurilingüismo e do patrimonio galego: potenciar a conservación do acervo cultural e natural galego, ao igual que da lingua galega.

Abordaranse, especialmente, diversos aspectos relacionados coa intelixencia emocional, como o reforzo da autoestima e o autoconceito por parte do alumnado, o concepto de autocontrol, as relacións tóxicas, etc.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Pola transversalidade do módulo, as actividades complementarias poderán ser de diversa índole e relacionarse con outros módulos ou ámbitos formativos.

En todas as actividades complementarias que se leven a cabo trataranse de explotar os coñecementos adquiridos na aula e ademais que os alumnos e alumnas desenvolvan o espírito crítico.

As actividades diarias realizadas na aula serán complementadas de modo que o alumno aprecie o aspecto práctico e funcional do proceso de ensino-aprendizaxe conectando este coa súa contorna socio-cultural.

Como actividades complementarias e, por tanto, dentro do horario lectivo, prantéxanse as seguintes:

- Día Europeo das linguas
- Día dos dereitos humanos: concurso de marcapáxinas enfocado nos dereitos humanos.
- 25 de novembro, día contra a violencia de xénero: na semana anterior e posterior veranse vídeos, faranse actividades en prol dunha convivencia máis san entre homes e mulleres.
- Con motivo da celebración do Día do libro realizarase un certame literario de relato curtos, e recital ou lectura de textos ou fragmentos de obras representativas da literatura galega e castelá.
- Día de Rosalía, Día das Letras Galegas, Magosto, Samaín
- Celebracións das festividade típicas e tradicionais dos países de fala inglesa: Halloween, Thanksgiving, St. Patrick's Day, Boxing Day, April's Fool Day, Easter, May Day, e outras.

### 10. Outros apartados

#### 10.1) TELEFOMACIÓN

No caso de alumnos que teñan que faltar a clase por motivos de saúde, utilizarse a aula virtual para traballar co alumnado. Esta canle estará dispoñible dende o principio de curso e na que todo o profesorado formará parte. Aí, aparecerán as UD da programación que se traballarán na aula, incluíndo aspectos teóricos, cuestionarios, infografías, actividades e exercicios, probas, etc.

Formarase ó alumnado na utilización da aula virtual dende o comezo da primeira avaliación.

A metodoloxía coa que se traballará incluírá os seguintes aspectos:

- Material dinámico e interactivo (documentos de audio, vídeo e imaxe)
- Realización de tarefas individuais e grupais.
- Comunicación entre o alumnado e profesorado a través do correo electrónico e o foro de dúbidas da aula virtual.
- Clases por videoconferencia, se for preciso.

Seguemento do alumnado:

- Entrega das tarefas á aula virtual.
- Resposta de dúbidas a través dos foros e/ou correo electrónico.
- Videoconferencias individuais/titorías.
- Participación nas actividades propostas nas diferentes unidades didácticas.

Avaliación da teleformación:

- Un proceso de avaliación a distancia efectivo e fiable cubrirá aspectos cuantitativos e cualitativos, unha avaliación sumativa e formativa, a través de distintos recursos que non só busquen informar o alumno sobre o progreso, senón que tamén beneficien a aprendizaxe.
- A avaliación on- line poderase levar a cabo a través de: exames que deberán cubrir diferentes aspectos e, por tanto, recoméndase incluír preguntas abertas e de elección múltiple; os traballos en grupo, que permiten valorar a capacidade de resolución de problemas, a coordinación e a colaboración, ademais do resultado; e as achegas aos foros de debate e charlas, que fornecen ó profesorado de información relevante sobre o talante e os coñecementos do alumno ou alumna.

### 10.2) NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA

Na aula respetaranse aos outros membros do alumnado, profesorado e material.

Non se pode comer ou beber na clase (agás auga).

Non se pode utilizar o teléfono móbil nin outros aparellos (como auriculares) agás que o solicite a profesora para a realización dalgunha tarefa.

### 10.3) ACLARACIÓNS

Para asistir a clase hai que traer o material análogo fornecido polo docente, libreta e bolígrafo.

Durante a realización de exames:

- Non están permitidos os teléfonos, aparellos ou calquer outro elemento que non sexa requerido polo docente (como auriculares); se non se cumprira este requisito, anularase o exame do/a alumno/a en cuestión, sendo calificado cun cero.
- En caso de que un/unha alumno/a estivera intentando copiar ou facéndoo, o exame será calificado cun cero. Nestes casos se poderá valorar a repetición da proba.